



ACCIÓN ORGANIZATIVA PARA GARANTIR UNHA PRESENCIALIDADE SEGURA NOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Servizo de Atención Primaria

Subdirección Xeral de Atención Primaria

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021





Este documento estará en permanente revisión e actualización e dispoñible na páxina web corporativa do Servizo Galego de Saúde, a través da seguinte ligazón:

<https://coronavirus.sergas.gal/>

Versión 1: 23/11/2021



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. OBXECTIVOS.....	5
3. ACCIÓNS.....	5
3.1. Accións organizativas.....	6
3.1.1. Responsable da xestión dos aspectos relacionados co virus SARS-CoV-2.....	6
3.1.2. Organización asistencial.....	6
3.1.2.1. Medidas xerais.....	6
3.1.2.2. Implantación de axendas de calidade.....	7
3.1.2.3. Circuito de atención para pacientes con sospeita de COVID-19.....	7
3.1.2.4. Atención pediátrica.....	8
3.2. Medidas de prevención.....	9
3.2.1. Medidas xenéricas de hixiene e prevención.....	9
3.2.2. Uso de máscara.....	9
3.2.3. Medidas de seguridade interpersoal.....	10
3.2.4. Acompañamento.....	10
3.2.5. Prevención de riscos laborais.....	10
3.2.6. Ventilación.....	11
3.2.7. Limpeza e desinfección.....	12
3.3. Información para a cidadanía.....	12
4. ANEXO.....	14
TÁBOA RESUMO DAS ACCIÓNS PARA GARANTIR UNHA PRESENCIALIDADE SEGURA NOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA.....	14
5. BIBLIOGRAFÍA.....	17

1. INTRODUCCIÓN

Para o control da transmisión da infección polo virus SARS-CoV-2 na Comunidade Autónoma de Galicia, foi necesario implantar unhas medidas transitorias para prestar a asistencia sanitaria nos centros de atención primaria, co fin de reforzar a seguridade dos/das pacientes que alí acoden, e de protexer aos e ás profesionais sanitarios/as, xa que son o pilar do sistema que asegura a atención sanitaria á poboación.

Estas medidas baseáronse fundamentalmente na adaptación dos recursos humanos e asistenciais de atención primaria ás necesidades, para axilizar a atención cando o aumento de pacientes así o requiría, e en función das previsións, optimizar a atención que se presta.

No mes de maio do ano 2020 publicouse e iniciouse a implantación do “Plan de reactivación asistencial en atención primaria en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2”, e na actualidade xa está recuperada a maior parte da actividade previa a esta situación, aplicando todo o aprendido e poñendo o foco na prevención.

O 21 de outubro de 2021, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Acordo polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que se entenderá sen prexuízo da adopción polas autoridades competentes das medidas que sexan necesarias para a contención e control da pandemia derivada da COVID-19.

Tras a implantación das axendas de calidade dos/das médicos/as de familia de atención primaria, e tendo en conta a elevada cobertura vacinal fronte á COVID-19 na poboación galega, así como a situación epidemiolóxica, o día 16 de setembro de 2021 habilitouse de novo a posibilidade de solicitar cita por Internet ou a través do IVR, para consulta cos e coas profesionais de atención primaria na modalidade presencial ou telefónica.

A atención presencial en atención primaria é a base principal da asistencia, que pode complementarse coa atención telefónica ou telemática, en todas aquelas situacións nas que se poida resolver un problema con efectividade e seguridade mediante estes modos de atención.

O incremento da presencialidade nos centros de atención primaria debe ir acompañado de accións que minimicen ao máximo o risco de contaxio e a propagación da infección polo virus SARS-CoV-2, polo que con este fin é preciso definir e implantar unhas accións organizativas.

Estas accións poderán variar en función dos parámetros epidemiolóxicos que repercutan na capacidade asistencial do Sistema de saúde de Galicia e da evolución da situación asistencial en atención primaria, derivadas da epidemia polo virus SARS-CoV-2.

2. OBXECTIVOS

- Establecer unhas accións organizativas que minimicen ao máximo o risco de contaxio e a propagación da infección polo virus SARS-CoV-2 nos centros de atención primaria.
- Mellorar a calidade da atención que se presta aos/ás pacientes.
- Incrementar a seguridade dos/das pacientes e dos/das profesionais no nivel asistencial de atención primaria.

3. ACCIÓNS

Segundo se recolle na “Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia”, nos centros, servizos e establecementos sanitarios deberanse adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias dos/das traballadores/as e dos/das pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións establecidas nesta materia na lexislación vixente.

Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos/das pacientes, así como na regulación de acompañantes, tendo en conta a situación e actividade de cada centro.



Así mesmo, adoptaranse as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

Nesta liña o Servizo Galego de Saúde publicou distintos procedementos e protocolos asistenciais no ámbito da atención primaria, así como o “Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARSCoV- 2)” (dispoñible en: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Saude-laboral-PRL>), onde se recollen e concretan estas medidas.

3.1. Accións organizativas

3.1.1. Responsable da xestión dos aspectos relacionados co virus SARS-CoV-2

- En cada centro de atención primaria o/a responsable da xestión dos aspectos relacionados co virus SARS-CoV-2 será o/a xefe/a de servizo e/ou o/a coordinador/a de servizo. De non haber xefe/a de servizo ou coordinador/a de servizo, dende a Xerencia de Área Sanitaria designarase unha persoa responsable. As súas funcións, entre outras, serán: recibir e distribuír a información, detectar e xestionar as necesidades formativas, revisar se se dispón do material necesario e comprobar o seu estado. Será tamén o/a interlocutor/a co equipo directivo que coordine este tema na súa Área Sanitaria.

3.1.2. Organización asistencial

3.1.2.1. Medidas xerais

- Aínda que a atención presencial en atención primaria é a base principal da asistencia, seguirase a potenciar tamén a atención telefónica ou telemática, cando se considere adecuada.
- Promoverase a atención domiciliaria proactiva, especialmente naqueles/as pacientes máis fráxiles ou vulnerables, tanto a través da visita domiciliaria como da plataforma de teleseguimento TELEA.

- Fomentarse o traballo nas consultas de enfermería para as técnicas realizadas habitualmente en salas comúns (por exemplo o seguimento do tratamento anticoagulante oral), co fin de evitar a confluencia de pacientes.

- Salvo situacións conxunturais, evitarse a instalación de estruturas exteriores dirixidas á atención ou espera dos/das pacientes, alleas á propia estrutura dos centros de atención primaria.

3.1.2.2. Implantación de axendas de calidade

- A implantación das axendas de calidade do Servizo Galego de Saúde, permite mellorar o acceso do/da paciente ao sistema de saúde, evitarlle demoras innecesarias, organizar mellor o tempo do/da profesional, revisar os circuítos existentes no centro de atención primaria, favorecer o traballo en equipo ao facilitar o acceso á axenda a outros/as profesionais e reformular a asignación de tarefas. Estas axendas:

- Son unha ferramenta de traballo flexible e adaptada ás necesidades dos/das cidadáns/cidadás e dos/das profesionais.
- As axendas médicas e de enfermería serán complementarias cando se planifique un acto compartido.
- O deseño das axendas dos/das profesionais dun mesmo Servizo de atención primaria terá en conta a necesidade de evitar concentracións excesivas de persoas nas zonas de espera.

3.1.2.3. Circuíto de atención para pacientes con sospeita de COVID-19

- Cada centro de atención primaria, na medida do posible, designará unha zona/sala para a atención dos e das pacientes con sospeita de COVID-19, considerando que deben ser atendidos/as en zonas separadas a máis de 2 metros do resto de usuarios/as do centro e con medidas físicas de separación, e preferiblemente, se as condicións do centro así o permiten, nunha sala ou consulta específica. É necesario que todo o persoal do centro coñeza a súa existencia e localización.

- Esta zona/sala, de ser posible, disporá de ventilación natural e ventilarase coa máxima frecuencia que a climatoloxía permita. Para favorecer a circulación de aire e garantir un varrido



eficaz por todo o espazo, realizarase preferentemente ventilación natural cruzada (apertura de portas e/ou ventás opostas, mellor se están en diagonal, ou polo menos de lados diferentes da sala) e evítanse as correntes de aire dunha persoa a outra se non hai unha renovación de aire adecuada. No caso de que o sistema de ventilación sexa forzado (mecánico), deberá estar configurado para maximizar a cantidade de aire exterior e evitar o aire recirculado.

- Na porta da devandita sala deben atoparse os equipos de protección individual (EPI) necesarios para entrar nela, un contedor de risco biolóxico para refugar os EPI utilizados de maneira adecuada, e dispensador de solución hidroalcohólica dentro e fóra, para hixiene de mans tras a retirada do EPI. De ser posible debe ter asignado un baño propio, que evite a saída da habitación.

- O equipo será retirado coidadosamente, sen sacudilo, para evitar que se xeren aerosois, e colocarse nunha bolsa dobre para refugar máis tarde como refugallo de Clase III. No caso de usar equipos de protección reutilizables, estes débense recoller en contedores ou bolsas adecuadas e identificadas e ademais deben limparse e descontaminarse usando o método indicado polo fabricante.

- Esta zona/sala contará con material refugable. Non terá material á vista, estará todo gardado. Aquel material que non se poida protexer ou non sexa refugable e deba estar en contacto con outros/as pacientes, deberá ser desinfectado previamente.

- Dispoñeráse de contedores de residuos, de ser posible con tapa de apertura con pedal.

3.1.2.4. Atención pediátrica

- Tendo en conta que os nenos e nenas menores de 12 anos, de momento non están vacinados/as, tentarase que nos centros de atención primaria exista unha zona/sala de espera diferenciada para a poboación pediátrica. Nos casos nos que non sexa posible, poñeráse algunha barreira física de separación entre poboación pediátrica e adulta.

- As citas dos controis de saúde programaranse, a ser posible, a primeira hora da mañá.



3.2. Medidas de prevención

3.2.1. Medidas xenéricas de hixiene e prevención

- Hixiene de mans frecuente (lavado con auga e xabón ou solucións alcohólicas), especialmente antes e despois do contacto directo con persoas enfermas ou a súa contorna.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables, no caso de que se precisen, e tiralos despois de usalos.
- Na entrada do centro haberá unha mesa con solución/xel hidroalcohólico e máscaras a disposición dos/das usuarios/as. Así mesmo débese dispoñer de dispensadores con solución/xel hidroalcohólico próximos aos lavabos e nas zonas comúns.
- Non se permitirá o consumo de alimentos ou bebidas nos espazos interiores destinados aos/ás usuarios/as dos centros de atención primaria.
- Non se colocarán nas zonas de espera folletos, trípticos, revistas..., para evitar contaxios por contacto directo.

3.2.2. Uso de máscara

- Indicaráselle ás persoas de 6 ou máis anos que o uso de máscara é obrigatorio en todo momento, respectando as excepcións contempladas na lexislación vixente (“Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia”).
- Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído, estar perfectamente axustada e usarse segundo instrucións de renovación, reutilización, etc. indicadas polo fabricante. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria.

- Cando unha persoa acuda a un centro de atención primaria cunha máscara hixiénica, daráselle unha máscara cirúrxica.

3.2.3. Medidas de seguridade interpersoal

- Cando o centro dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.
- Na medida do posible, estableceranse itinerarios sinalizados para dirixir a circulación dos/das usuarios/as e evitar aglomeracións, fundamentalmente nas áreas comúns (zonas de espera, áreas administrativas, etc).
- Intentarase respectar a distancia con outros/as pacientes e acompañantes.
- Nas situacións nas que os/as usuarios/as estean sentados/as, como ocorre nas zonas de espera, poderán utilizarse o 100% dos asentos dispoñibles, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes.

3.2.4. Acompañamento

- Recoméndase que os/as pacientes entren sós/soas aos centros de atención primaria. En todo caso, permitirase a presenza dun/dunha acompañante por usuario/a durante a súa estancia no centro.

3.2.5. Prevención de riscos laborais

- Para a atención a pacientes con sospeita ou confirmación de infección por SARS-CoV-2, os/as profesionais usarán as medidas de protección persoal máis apropiadas de acordo co establecido no “Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2)” (dispoñible en: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Saude-laboral-PRL>) en función do risco de exposición e a dinámica de transmisión.
- Evitarase, na medida do posible, compartir entre profesionais dispositivos, equipos, instrumentos, etc. De ser o caso, desinfectaranse antes e despois do seu uso e ao final da xornada.

- O persoal sanitario e non sanitario de todos os centros de atención primaria debe recibir información e formación sobre as medidas para a prevención da exposición laboral ao virus SARS-CoV-2, incluíndo adestramento na posta e retirada de equipos de protección individual.
- Existen distintos cursos certificados, na modalidade de autoformación e dispoñibles para todo o persoal na Aula Virtual da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS):
 - “Coñecementos básicos e medidas de prevención ante o novo coronavirus (SARS-CoV-2)” (4 horas).
 - “Prevención de riscos biolóxicos” (5 horas).
 - “Hixiene de mans na atención sanitaria” (7 horas).

Ademais, a través da seguinte ligazón, accédese á serie de videos elaborados desde o Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais para a posta e retirada segura dos EPI:
<https://femora.sergas.gal/Seguridade/MATERIAL>.

3.2.6. Ventilación

Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións para acadar unha renovación do aire e garantir unha boa calidade do mesmo, eliminando as partículas suspendidas nel e reducindo así o risco de transmisión do virus. Ao ventilar os espazos interiores, dilúense os aerosóis potencialmente infecciosos e redúcese o risco de contaxio polo virus SARS-CoV-2.

- Débese ter en conta as características do espazo a ventilar.
- De ser posible, realizarase ventilación ambiental directa ao exterior, e ventilarase coa máxima frecuencia que a climatoloxía permita. Para favorecer a circulación de aire e garantir un varrido eficaz por todo o espazo, realizarase preferentemente ventilación natural cruzada (apertura de portas e/ou ventás opostas, mellor se están en diagonal, ou polo menos de lados diferentes da sala) e evítanse as correntes de aire dunha persoa a outra se non hai unha renovación de aire adecuada. É preferible, en lugar de abrir totalmente unha xanela, repartir a mesma apertura entre o maior número de puntos.



- No caso de que o sistema de ventilación sexa forzado (mecánico), deberá estar configurado para maximizar a cantidade de aire exterior e evitar o aire recirculado. Aínda que exista ventilación mecánica, recoméndase realizar regularmente unha ventilación natural, e conseguir unha boa ventilación combinada ou mixta.
- Garantírase a ventilación (natural ou mecánica) periódica e adecuada dos espazos. Recoméndase abrir as ventás polo menos durante 15 minutos ao comezo de cada quenda laboral.
- Durante a ocupación dos espazos recoméndase abrir as ventás 10 minutos cada hora (sempre que sexa posible, que as condicións meteorolóxicas o permitan e que non exista ningún criterio técnico nin sanitario que sexa contrario).

3.2.7. Limpeza e desinfección

- Nos centros de atención primaria asegurárase unha correcta limpeza das superficies e espazos, de acordo cos protocolos COVID de limpeza e desinfección do centro. Os produtos de limpeza e desinfección habitualmente utilizados nos centros sanitarios teñen capacidade suficiente para inactivar o virus. Non se requiren produtos especiais, sempre que cumpran coa normativa vixente.

3.3. Información para a cidadanía

- Recoméndase a colocación de información visual (carteis, paneis electrónicos) en lugares estratéxicos dos centros de atención primaria, para proporcionar á poboación as instrucións sobre medidas preventivas e de protección. Utilizarase unha linguaxe sinxela e amigable para o/a usuario/a.
- Entre os contidos sobre os que é importante informar, atópanse:
 - Hixiene de mans, hixiene respiratoria.
 - Normas de seguridade: distancia de seguridade interpersoal, acompañamento.
 - Evitación de condutas como levantarse repetidamente do asento, interactuar nas zonas comúns, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

- Importancia da asistencia á cita con puntualidade, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de espera.
- Cando os/as cidadáns/ás soliciten cita presencial a través do teléfono ou acudan aos centros de atención primaria para solicitala, o persoal da área administrativa ademais de comunicarlle os datos sobre a citación, informarlles sobre aspectos como puntualidade, acompañamento, etc.
- Seguiranse a realizar campañas informativas institucionais dirixidas á cidadanía sobre medidas de prevención e uso racional dos servizos sanitarios.

4. ANEXO

TÁBOA RESUMO DAS ACCIÓNS PARA GARANTIR UNHA PRESENCIALIDADE SEGURA NOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

ACCIÓNS ORGANIZATIVAS	
RESPONSABLE DA XESTIÓN DOS ASPECTOS RELACIONADOS CO VIRUS SARS-CoV-2	
<p>- O/A responsable da xestión dos aspectos relacionados co virus SARS-CoV-2 serán o/a xefe/a de servizo e/ou o/a coordinador/a de servizo. De non haber xefe/a de servizo ou coordinador/a de servizo, dende a Xerencia de Área Sanitaria designarase unha persoa responsable.</p>	
ORGANIZACIÓN ASISTENCIAL	
Medidas xerais	<ul style="list-style-type: none"> - A base principal da asistencia é a atención presencial, pero seguirase a potenciar a atención telefónica ou telemática, cando se considere adecuada. - Promoverase a atención domiciliaria proactiva (visita domiciliaria e teleasistencia con perfil adaptado ao/á paciente -TELEA-). - Fomentarse o traballo nas consultas de enfermería fronte ás salas comúns. - Salvo situacións conxunturais, evitarase a instalación de estruturas exteriores dirixidas á atención ou espera dos/das pacientes, alleas á propia estrutura dos centros de atención primaria.
Implantación de axendas de calidade	<ul style="list-style-type: none"> - Implantaranse as axendas de calidade das categorías profesionais de atención primaria.
Circuíto de atención para pacientes con sospeita de COVID-19	<ul style="list-style-type: none"> - Cada centro de atención primaria, na medida do posible, designará unha zona/sala para a atención dos/das pacientes con sospeita de COVID-19. - Esta zona/sala estará ben ventilada, contará con material refugable e contedor de residuos, de ser posible, con tapa de apertura con pedal. - Na porta da sala atoparanse os EPI, un contedor de risco biolóxico para refugar os EPI utilizados e dispensador de solución hidroalcohólica dentro e fóra.



Atención pediátrica	<ul style="list-style-type: none"> - Tentarase que exista unha zona/sala de espera diferenciada para a poboación pediátrica. Cando non sexa posible, poñerase algunha barreira física de separación entre a poboación pediátrica e adulta. - As citas dos controis de saúde programaranse, a ser posible, a primeira hora da mañá.
---------------------	--

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

MEDIDAS XENÉRICAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

- Hixiene de mans frecuente.
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Ao tusir ou esbirrar, cubrirase a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usaranse panos desbotables, cando se precisen.
- Colocarase solución/xel hidroalcohólico na entrada, en zonas comúns e próximas aos lavabos.
- Haberá máscaras preto da entrada.
- Non se permitirá o consumo de alimentos e bebidas nos espazos interiores destinados aos/ás usuarios/as.
- Non se colocarán folletos, trípticos, revistas... nas zonas de espera.

USO DE MÁSCARA

- Será obrigatoria nas persoas de 6 ou máis anos, respectando as excepcións contempladas na lexislación vixente.
- Realizarase un uso axeitado da máscara.
- Daráselle unha máscara cirúrxica ás persoas que acudan a un centro de atención primaria cunha máscara hixiénica.

MEDIDAS DE SEGURIDADE INTERPERSOAL

- Na medida do posible, estableceranse itinerarios sinalizados para dirixir a circulación dos/das usuarios/as e evitar aglomeracións, fundamentalmente nas áreas comúns.
- Intentarase respectar a distancia con outros/as pacientes/acompañantes.
- Nas situacións nas que os/as usuarios/as estean sentados/as, como ocorre nas zonas de espera, poderán utilizarse o 100% dos asentos dispoñibles, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes.





ACOMPAÑAMENTO

- Recoméndase que os/as pacientes entren sós/soas aos centros de atención primaria. En todo caso, permitirase a presenza dun/dunha acompañante por usuario/a durante a súa estancia no centro.

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- Os/As profesionais usarán as medidas de protección persoal de acordo co “Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2)”.
- Os/As profesionais de atención primaria deben recibir información e formación sobre as medidas para a prevención da exposición laboral ao virus SARS-CoV-2.

VENTILACIÓN

- Garantirase a ventilación (natural ou mecánica) periódica e adecuada dos espazos do centro.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN

- Asegurarase unha correcta limpeza das superficies e espazos, de acordo cos protocolos COVID de limpeza e desinfección do centro.

INFORMACIÓN PARA A CIDADANÍA

- Recoméndase colocar información visual sobre medidas preventivas e de protección en lugares estratéxicos dos centros de atención primaria.
- O persoal da área administrativa informará sobre puntualidade, acompañamento, etc, cando asigne unha cita.
- Seguiranse a realizar campañas informativas institucionais dirixidas á cidadanía sobre medidas de prevención e uso racional dos servizos sanitarios.



5. BIBLIOGRAFÍA

- Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Plan Galego Atención Primaria 2019-2021. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2019. Dispoñible en: <https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/gal/Publicaciones/Docs/AtPrimaria/PDF-2760-ga.pdf>.
- Abarca B, Armenteros del Olmo L, Carreras Viñas M, Clavería A, Domínguez-Sardiña M, Dono Días MA, et al. Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde. Documento estratéxico e de xestión. Santiago de Compostela; 2019. Dispoñible en: https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1154/Por_una_atención_primaria_vertebradora_del_sistema_de_salud_-_WEB.pdf.
- Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia núm. 204-Bis, de 22 de outubro de 2021. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20211022/2796/AnuncioC3K1-221021-2_gl.pdf.
- Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Diario Oficial de Galicia núm. 203-Bis, de 21 de outubro de 2021. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20211021/2794/AnuncioC3K1-211021-1_gl.pdf.
- World Health Organization. Infection prevention and control during health care when coronavirus disease (COVID-19) is suspected or confirmed. Geneva: World Health Organization; 2021. Dispoñible en: <https://www.who.int/publications/i/item/WHO-2019-nCoV-IPC-2021.1>.

- Ministerio de Sanidad, Instituto de Salud Carlos III. Estrategia de detección precoz, vigilancia y control de COVID-19. Madrid: Ministerio de Sanidad; 2021. Disponible en: https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Estrategia_vigilancia_y_control_e_indicadores.pdf.
- Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Recursos Humanos. Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2). Versión 15. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2021. Disponible en: https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/Documents/14220/PLAN_ESPECÍFICO_CORONAVIRUS_V15.pdf.
- Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Subdirección Xeral de Atención Primaria. Protocolo para a detección e manexo de casos de infección activa polo virus SARSCoV-2 (COVID-19) en atención primaria. Versión 8. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2021. Disponible en: https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/118/20210302_Protocolo_manexo_COVID-19_AP_V90.pdf.
- Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Subdirección Xeral de Atención Primaria. Recomendacións para a asistencia pediátrica nos centros de atención primaria en relación co virus SARS-CoV-2 (COVID-19). Versión 01/12/2020. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2020. Disponible en: https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/204/Recomendacions_Assistencia_pediatica_nos centros de AP COVID-19_decembro 2020.pdf.
- Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Subdirección Xeral de Atención Primaria. Plan de reactivación asistencial en atención primaria en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2020. Disponible en: https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/329/Plan_reactivación_asistencial AP V40_7.pdf.
- Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública. Novo Plan de hostalaría segura. Versión 3. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2021. Disponible en: https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/892/Plan_Hostalaria_Segura.pdf.



- Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública, Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde. Guía para as boas prácticas de ventilación na hostalaría no contexto da COVID-19. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2021. Disponible en: https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/813/GUIA_VENTILACION_HOSTALARIA.pdf.
- Ministerio de Sanidad. Evaluación del riesgo de la transmisión de SARS-CoV-2 mediante aerosoles. Medidas de prevención y recomendaciones. Madrid: Ministerio de Sanidad; 2020. Disponible en: https://www.msccbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Aerosoles.pdf.
- Área Sanitaria de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, Servizo de Medicina Preventiva. Medidas de prevención de infección para la fase de transición de la pandemia por SARS-CoV-2 en consultas externas del Área Sanitaria de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras. Ourense: Servizo de Medicina preventiva; 2020. Documento interno.
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade; Consellería de Sanidade. Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022. Versión 06/07/2021. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2021. Disponible en: http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_covid_curso21_22_2021_07_06.pdf.